

Acta núm. 12/2018.

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local

do 26 de xullo de 2018.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampredo Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 8.30 horas do 26 de xullo de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) Acta anterior correspondente ao día 10 de xullo de 2018.

2º) Comunicacions previas (obras menores).

3º) Licenzas de obra menor.

4º) Licenzas de obra maior.

5º) Aprobación de proxecto de obras e inicio de expediente de contratación para a execución por administración.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 10 DE XULLO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10 de xullo de 2018, acta núm. 11/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GEMMA TRONCOSO REGO, con domicilio na rúa Travesa de San Lourenzo nº 12 – Santiago de Compostela, na que comunica que vai rehabilitar un muro de peche emprazado nunha parcela (6663918NH2466N0001DQ) sita na rúa Gondar – Lamiño, de 145 metros de lonxitude, dos cales 25 metros dan fronte á vía pública e que cumpre coa aliñación prevista nos planos de ordenación. A actuación ten as seguintes características:

- Aumentar a altura da parte cega de bloques ata 1,20 m. e colocar rede ata facer a altura total de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. A parte cega do muro será convenientemente revestida e pintada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA CRISTINA CAMIÑO VILLAVERDE, que di actuar en representación da C.P. LAMAS DALBARIÑO B7, con domicilio en Rúa Avenida da Mahía núm. 60 - 1º A – Bertamiráns - Ames, na que comunica que vai proceder a suxeitar a pedra e selar con polímeros a fachada do edificio situado na rúa Tarrío 15.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UNC1) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO IGLESIAS LOIS, con domicilio en Vioxo de Abaixo nº 1 – Luaña, na que comunica que vai limpar e pintar as fachadas da vivenda situada en Vioxo de Abaixo nº 1 – Luaña. (referencia catastral nº 1739402NH2414S0001RQ).

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza NRL – 2 do PXOM, e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN MARÍA VAZQUEZ PAIS, con domicilio en Avda. Santa Minia nº 71 – Brión, na que comunica que vai realizar as labores de pintado da fachada principal da súa vivenda situada en Avda. Santa Minia nº 71 – Brión.

A edificación onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC1) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GERARDO A. OTERO RODRIGUEZ, con domicilio na Praza da Mahía nº 6, 3º C- 15220 – Ames, na que comunica que vai realizar as labores de rehabilitación da cuberta situada na rúa Gondar nº 9, substituíndo a tella e os elementos auxiliares en mal estado, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume da cuberta.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC2) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA ISABEL VAZQUEZ SANTOS, con domicilio en rúa Frei Rosendo Salvado nº 23, 6º B, 15701 – Santiago de Compostela, na que comunica que vai pechar dúas parcelas clasificadas como solo rústico de protección agropecuaria (15013B50500521000MM), e solo rústico de protección hídrica (15013B50500522000MO), sitas no lugar de Guisande.

Preténdese levantar un peche de parcela en todo o perímetro da finca, aproximadamente 240 ml de lonxitude, coas seguintes características:

- A parte do peche situada dentro dos 100 m. da zona de policía do rego afluente do regato Sanín, executarase con bloques de formigón (altura 40 cm) e malla electrosoldada con postes, cunha altura total sobre o terreo de 1,80 m. e se situará a 5 metros do bordo do leito do río.
- A parte do peche situada fora da zona de policía do rego, executarase con catro hiladas de bloques de formigón, malla electrosoldada con postes, 3 columnas de formigón de 20 cm *20cm *2,5 m, para suxeición de porta e portal de entrada ás fincas; sen especificar a altura.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización de Augas de Galicia do 29.05.2018, número de expediente DH.W15.59654, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche, na parte que linda coa vía pública, situarase a 5 m. do eixo do vial, segundo o artigo 92.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e artigo 3.9.3 do PXOM.
- A altura da parte cega do peche, fora da zona de policía, non superará 1,50 m. e a altura total será como máximo 1,80 m. desde a rasante natural do terreo.
- A parte de bloques será convenientemente revestido e pintado, segundo o artigo 3.9.3 do PXOM.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ESTHER VILLAR BASANTE, con domicilio no lugar de Romarís nº 6 – Bastavales, na que comunica que vai realizar as labores de reparación da

cuberta da edificación, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen afectar á estrutura e sen incrementar o volume actual da edificación.

A edificación onde se pretenden executar as obras emprazase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural consolidado (NRL-1) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BEGOÑA GARCÍA LOPEZ, con domicilio no lugar de Bemil nº 5 – Bastavales, na que comunica que vai realizar as labores de rehabilitación do peche de pedra tradicional de parcela no seu fronte á vía pública. As obras consistirán en lavado, encintado e reconstrución de forma similar ao existente.

A parcela onde se sitúa o peche obxecto da actuación aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016, do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a altura máxima do muro tradicional de pedra sexa de 1,80 m. medido desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Ons, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde a saída 01 do centro de transformación (CT) 15AKW7 ata CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizaranse dúas zanzas cunha lonxitude total de 29 m. (7m+22m), segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso con visado nº 1620/18-CO, do 08/006/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

-. Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 132,75 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por Daniel Pintor López, que di actuar en representación de RED ELECTRICA DE ESPAÑA S.A.U., con domicilio en Paseo Conde de los Gaitanes nº 177, Alcobendas, Madrid, na que solicita licenza para obras de instalación dunha liña de transporte de enerxía eléctrica a 220 Kv denominada "entrada e saída en subestación de Lousame" e que transcorre polos Concellos de Lousame, Rois e Brión, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Luis Fernando Acarregui Zabala, con visado número 3803/2009 e data 28/12/2009.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e da autorización da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 19.07.2017, expediente IN407A 2010/270-1, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten aos datos básicos do proxecto será necesaria a autorización da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e comunicación ao Concello de Brión.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SUSANA NOYA LORASQUE, con domicilio en R/ Aldape nº 14 – CP 48330 Lemoa – Bizkaia, de solicitude de rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Vidalloiso nº 4 – Bastavales, segundo proxecto de execución de rehabilitación redactado pola arquitecta Sila Cecilia Martínez Abal, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº de visado 1702839.4, de data 22.03.2018.

A parcela (referencia catastral nº 8818405NH2481N0001HH) onde se pretenden executar as obras, situase en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello e da resolución de autorización das obras con condicións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 04.12.2017, expediente 2222/17, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Sila Cecilia Martínez Abal, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº de visado 1702839.4, de data 22.03.2018.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das

obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 92,43 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Dito espazo de cesión non poderá ser materializado pola existencia dun muro de pedra tradicional de peche da parcela, que segundo artigo 26.1.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia non pode ser derrubado.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS E INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN.

Pola alcaldía se retira o asunto da orde do día por estar pendente de trámites.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 8,40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González